

CONTIDOS

Actualidade	1
Oportunidades	6
<i>Prácticas remuneradas</i>	6
<i>Emprego</i>	7
<i>Financiamento</i>	9
Participación dos cidadáns	12
<i>Consultas públicas aos cidadáns</i>	12
Actos xurídicos	13
<i>Actos lexislativos</i>	13
<i>Outros actos</i>	14
Sentenzas do Tribunal de Xustiza da UE	15
Procesos por infracción contra España	17
Estatísticas do Eurostat	19
<i>Indicadores económicos</i>	19
<i>Outros datos</i>	19
Documentos do Tribunal de Contas da UE	21
Sondaxes do Eurobarómetro	22
Suxestións bibliográficas	23
<i>Obras dispoñibles na biblioteca da USC</i>	23
<i>Outras obras</i>	24

Para recibir un correo electrónico co anuncio de cada novo Boletín do CEDE, subscríbese á [lista de distribución](#).

Para máis información sobre este boletín e sobre o CEDE da USC, visite a nosa [páxina web](#).

Edición: Jesús M. Saavedra Carballido.

Elaboración dos contidos propios: Jesús M. Saavedra Carballido e Sofía Rodríguez López.

ACTUALIDADE

Mudanza de réxime en Siria

O fin da ditadura do presidente sirio Bashar al-Assad é «un acontecemento positivo e longamente esperado» que «mostra a debilidade dos partidarios de al-Assad, Rusia e Irán», afirmou a alta representante da UE para as Relacións Externas e a Política de Seguranza, a estoniana Kaja Kallas. • Kallas anunciou que o xefe da delegación da UE para Siria, actualmente baseado en Beirut, fora enviado a Damasco para emprender contactos diplomáticos coas novas autoridades sirias. • Após a caída de al-Assad e a súa fuxida a Rusia, a Comisión Europea puxo en marcha unha operación de ponte aérea humanitaria para os máis necesitados en Siria, co fin de proporcionar asistencia sanitaria de emerxencia e outras subministracións esenciais. Os voos de axuda financiados pola UE levarán un total de 50 toneladas de subministracións sanitarias a Adana, en Turquía, para a súa distribución en Siria. Outras 46 toneladas de artigos sanitarios, educativos e de aloxamento doutra reserva da UE en Dinamarca transportaranse en camiión a Adana e entregaranse á Unicef e á Organización Mundial da Saúde. A Comisión tamén mobilizou 4 millóns de euros adicionais para abordar as necesidades humanitarias máis urxentes da poboación, de maneira que a axuda humanitaria total ascenderá a 163 millóns de euros en 2024. Este novo financiamento ten por obxecto aumentar a asistencia humanitaria canalizada a través dos socios humanitarios da UE que xa operan en Siria para garantir que se preste axuda crítica con rapidez. Isto inclúe a subministración de caixas de primeiros auxilios para traumatismos, o apoio ás deficiencias críticas nas instalacións sanitarias, as caixas de primeiros auxilios de emerxencia para refuxios e o apoio sanitario. Tamén inclúe financiamento para a distribución de paquetes de alimentos a 61.500 persoas no norte de Siria.

Máis información sobre as declaracións de Kallas [no *Político*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Máis información sobre os contactos diplomáticos en Siria [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Comunicado de prensa sobre a ponte aérea [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Acordo comercial preliminar co Mercosur

A presidenta da Comisión Europea, a alemá Ursula von der Leyen, e os seus homólogos de catro estados do Mercosur (o presidente brasileiro Da Silva, o presidente arxentino Milei, o presidente paraguaio Peña e o presidente uruguaio Lacalle Pou) finalizaron as negociacións para un acordo comercial de asociación entre a UE e o Mercosur. O acordo proposto entre a UE e o Mercosur consta dun piar político e de cooperación, e dun piar comercial. O final das negociacións da Comisión constitúe o primeiro paso no proceso para a celebración do acordo. Após unha revisión xurídica definitiva por ambas as partes, o texto será traducido a todas as linguas oficiais da UE e, seguir, será presentado ao Consello e ao Parlamento da UE para a súa aprobación. Se for o caso, tamén deberá ser aprobado polos parlamentos dos estados membros.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Máis información [no *The Guardian*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

As chaves do acordo [no *Político*](#) (en inglés) e [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Opinión sobre o acordo [no *The Guardian*](#) e [no *Euractiv*](#) (en inglés).

Sancións contra Rusia

O Consello aprobou as primeiras sancións específicas polas ameazas híbridas de Rusia contra 16 persoas e tres entidades que considera responsables de accións desestabilizadoras no estranxeiro, entre elas os espías da axencia militar rusa no estranxeiro (GRU). Estas medidas responden a «accións malintencionadas» de Rusia e á súa «falta de respecto por unha orde internacional baseada en normas e polo dereito internacional», indicou o Consello. • Alén diso, o Consello adoptou o seu 15.º paquete de medidas restritivas económicas e individuais co obxectivo de limitar aínda máis a capacidade de Rusia para librar a súa guerra de agresión ilegal, non provocada e inxustificada contra a Ucraína. Estas medidas teñen por obxecto evitar a elusión das sancións da UE atacando a frota na sombra de Putin e debilitar o complexo militar e industrial de Rusia.

Comunicado de prensa sobre as sancións polas ameazas híbridas [no sitio da Comisión](#).

Máis información sobre as sancións polas ameazas híbridas [no EuroEFE-Euractiv](#).

Máis información sobre o 15.ª paquete de sancións [no Politico](#) (en inglés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

Taxas de xuros na eurozona

O Banco Central Europeo (BCE) recortou os tipos de interese en 25 puntos básicos, até situalos no 3 %, co que concluirá 2024 con catro baixadas do prezo oficial do diñeiro, as tres últimas consecutivas, perante o descenso da inflación e unha recuperación económica «máis lenta que nas proxeccións de setembro». O Consello de Goberno do BCE tamén rebaixou as operacións principais de financiamento (OPF) — as inxeccións semanais de diñeiro — e a facilidade de crédito — a que presta aos bancos a un día — até 3,15 e 3,4 respectivamente.

Comunicado de prensa [no sitio do BCE](#).

Máis información [no Politico](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

Espazo Schengen

Os estados membros da UE, reunidos no Consello, decidiron suprimir os controis das persoas nas fronteiras terrestres internas con Bulgaria e Romanía e entre estes dous estados a partir do 1 de xaneiro de 2025. Desde a súa adhesión á UE, Bulgaria e Romanía xa aplicaban partes do marco xurídico de Schengen (acervo de Schengen), nomeadamente as relacionadas cos controis nas fronteiras externas, a cooperación policial e a utilización do Sistema de Información de Schengen. No 30 de decembro de 2023, o Consello adoptou unha decisión para aplicar, a partir de 31 de marzo de 2024, as partes restantes do acervo de Schengen e suprimir os controis das persoas nas fronteiras aéreas e marítimas internas. Agora, o espazo Schengen pasa a abarcar 29 estados (25 dos 27 estados membros da UE, alén de Islandia, Liechtenstein, Noruega e Suíza) e 420 millóns de persoas. Os controis nas fronteiras interiores con Chipre non se suprimiron aínda, e Irlanda non forma parte do espazo Schengen.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [na BBC](#) (en inglés), [no Le Monde](#) (en francés) e [no EuroEFE-Euractiv](#).

Nova ombudsman da UE

Teresa Anjinho foi elixida *ombudsman* (valedora do pobo) da UE polo Parlamento Europeo con 344 votos a favor. Actualmente, Anjinho forma parte do comité de supervisión da Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF); en Portugal, fora *provedora de justiça* (valedora do pobo)

adxunta, secretaria de estado de Xustiza e deputada no Parlamento. Anjinho, pertencente ao Partido Popular Europeo, asumirá o cargo no 27 de febreiro de 2025.

Comunicado de prensa [no sitio da ombudsman da UE](#).

Máis información [no *Político*](#) (en inglés).

Regulamento sobre fondos para catástrofes naturais

O Consello da UE aprobou o regulamento bautizado como «Restore», que autoriza a redirixir até 10 % da asignación nacional do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e do Fondo Social Europeo Plus (FSE+) para mitigar as consecuencias de desastres naturais. Este diñeiro poderá ser utilizado para reconstruír infraestruturas, ofrecer asistencia sanitaria, alimentos e axuda a pequenas empresas, e para financiar programas de mantemento do emprego como os ERTE.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#) (en inglés).

Máis información [no *EuroEFE-Euractiv*](#).

Regulamento sobre embalaxes sustentables

O Consello adoptou un novo Regulamento sobre as Embalaxes e os Residuos de Embalaxes. As novas normas aspiran a diminuír considerablemente a xeración de residuos de embalaxes ao establecer obxectivos vinculantes de composición e reutilización, limitar determinados tipos de embalaxes dun só uso, e exixir aos operadores económicos que reduzan o uso de embalaxes ao mínimo. O Regulamento abarca a totalidade do ciclo de vida das embalaxes.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Regulamento sobre deforestación

O Consello adoptou un regulamento relativo ao adiamento por un ano da aplicación da lexislación da UE en materia de deforestación. O adiamento permitirá a terceiros estados, estados membros, operadores e comerciantes estar plenamente preparados polo que respecta ás súas obrigacións de dilixencia debida, co fin de garantir que determinadas materias primas e produtos que se venden na UE ou se exportan desde a UE non estean ligados a prácticas de deforestación. Isto inclúe produtos procedentes do gado bovino, a madeira, o cacao, a soia, o aceite de palma, o café e o caucho, alén dalgúns dos seus produtos derivados. O Regulamento sobre Deforestación entrou en vigor no 29 de xuño de 2023, e as súas disposicións ían ser aplicadas a partir de 30 de decembro de 2024. Após esta modificación específica, a súa aplicación comezará no 30 de decembro de 2025.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no *Político*](#) (en inglés).

Directiva sobre o dereito de sociedades

O Consello adoptou unha directiva que alarga e mellora o uso de ferramentas e procesos dixitais no ámbito do dereito de sociedades. A nova directiva facilitará a dispoñibilidade da información societaria, aumentará a confianza e a transparencia nas empresas de todos os estados membros, dará lugar a administracións públicas máis conectadas e reducirá a burocracia en situacións transfronteirizas.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#).

Acordo de pesca no Mediterráneo

O acordo alcanzado polos ministros de Pesca no Consello sobre as cotas e as posibilidades pesqueiras de 2025 reducirá en 66 % o esforzo pesqueiro dos arrastreiros en augas españolas e francesas no Mediterráneo. A noticia foi acollida con insatisfacción na frota española e nas rexións españolas do Mediterráneo, a pesar da insistencia do goberno de España de que na práctica se poderán manter os 130 días actuais de traballo no mar.

Comunicado de prensa [no sitio do Consello](#).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Axudas ao sector agrario

A Comisión Europea anunciou que elevará a 50.000 euros a cantidade máxima de axudas públicas que os estados poden conceder a empresas do sector agrícola sen notificar a Bruxelas, e propuxo novas medidas para reforzar a posición dos agricultores na cadea de abastecemento agroalimentario. O novo tope marcado polo executivo comunitario significa máis que duplicar o límite actual das axudas que poden transferir os estados membros ao sector agrícola sen notificación previa aos servizos europeos de concorrencia, que é de até 20.000 euros por beneficiario (25.000 euros se o estado ten un rexistro central destas subvencións) durante tres anos.

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

Protección do lobo

O Comité Permanente da [Convención de Berna relativa à Conservación da Vida Salvaxe e dos Habitats Naturais de Europa](#) votou a favor da proposta da UE de adaptar o estatuto de protección do lobo de «estritamente protexido» a «protexido». A mudanza entrará en vigor no 7 de marzo de 2025 e dará máis flexibilidade aos estados membros para xestionaren as súas poboacións locais de lobos. Ao mesmo tempo, dado que o lobo continuará a ser unha especie protexida, as medidas de conservación e xestión dos estados membros terán que alcanzar e manter un estado de conservación favorable.

Comunicado de prensa [no sitio da Representación da Comisión en España](#).

Máis información [no Politico](#) e [no The Guardian](#) (en inglés).

Etiqueta de emisións de voo

A Comisión adoptou un Regulamento que establece unha etiqueta de emisións de voo, que ofrece unha metodoloxía clara e fiable para calcular esas emisións. As compañías aéreas que operen voos dentro da UE ou que saian da UE poderán adherirse voluntariamente a esta etiqueta, que estará plenamente operativa a partir de xullo de 2025. No comezo do próximo verán, os pasaxeiros terán a posibilidade de ver e comparar as emisións estimadas de gases de efecto invernadoiro (GEI) dos seus voos, o que lles permitirá tomar decisións de compra mellor fundamentadas.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Consello Europeo para a Agricultura e a Alimentación

A Comisión Europea creou oficialmente o Consello Europeo de Agricultura e Alimentación (EBAF, polas siglas en inglés), retomando así unha das recomendacións do relatorio final do [Diálogo Estratéxico sobre o Futuro da Agricultura](#). Presidido polo conservador luxemburgués Christophe Hansen, actual comisario de Alimentación e Agricultura, o Consello Europeo de Agri-

cultura e Alimentación ten por obxecto manter unha nova cultura de diálogo, confianza e participación de múltiples partes interesadas, entre os axentes da cadea alimentaria e a sociedade civil, alén de coa Comisión.

Comunicado de prensa [no sitio da Comisión](#) (en inglés).

Máis información [no EuroEFE-Euractiv](#).

OPORTUNIDADES

Selección das convocatorias recentes consideradas máis relevantes.

Prácticas remuneradas

- Para estudantes de ciencias, a través de [Euraxess](#) (buscando *traineeship* e *trainee*). Varios prazos.
- [Centro Común de Investigación](#) (Joint Research Centre, JRC). Varios prazos.
- [Banco Central Europeo](#). Varios prazos.
- [Servicio Europeo para a Acción Exterior \(SEAE\)](#). Prazo até 31 de decembro.
- [Autoridade Europea de Valores e Mercados \(AEVM\)](#) . Prazo até 31 de decembro.
- [Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía \(ACER\)](#). Sen prazo.

Emprego

Procesos de selección para funcionarios permanentes

- [Servizos de tradución](#). Prazo até 14 de xaneiro de 2025.
- [Axencia de Cooperación dos Reguladores da Enerxía \(ACER\)](#). Prazo até 10 de xaneiro de 2025.

Procesos de selección para contratos temporais e CAST permanente

- [Axencia da UE para o Programa Espacial \(EUSPA\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Europea de Defensa \(AED\)](#). Varios prazos.
- [Axencia da UE para a Xestión Operativa de Sistemas Informáticos de Gran Magnitude no Espazo de Liberdade, Seguranza e Xustiza \(euLISA\)](#). Varios prazos.
- [Axencia Ferroviaria da UE \(ERA\)](#). Prazo até 2 de xaneiro de 2025.
- [Empresa Común para os Chips](#). Prazo até 5 de xaneiro de 2025.
- [Comisión Europea - DG DIGIT](#). Prazo até 6 de xaneiro de 2025.
- [Comisión Europea - DG NEAR](#). Prazo até 6 de xaneiro de 2025.
- [Autoridade Bancaria Europea \(ABE\)](#). Prazo até 6 de xaneiro de 2025.
- [Axencia Europea do Ambiente \(EEA\)](#). Prazo até 6 de xaneiro de 2025.
- [Autoridade Europea de Seguranza Alimentaria \(EFSA\)](#). Prazo até 7 de xaneiro de 2025.
- [Empresa Común Europea de Informática de Alto Rendemento \(EuroHPC\)](#). Prazo até 8 de xaneiro de 2024.
- [Axencia de Asilo da UE \(EUAA\)](#). Prazo até 9 de xaneiro de 2025.
- [Tribunal de Xustiza da UE](#). Prazo até 9 de xaneiro de 2025.
- [Consello Único de Resolución](#). Prazo até 13 de xaneiro de 2025.
- [Empresa Común para unha Aviación Limpa](#). Prazo até 14 de xaneiro de 2025.
- [Centro Europeo para a Prevención e o Control de Doenzas \(ECDC\)](#). Prazo até 16 de xaneiro de 2025.
- [Empresa Común para un Hidróxeno Limpo \(Clean Hydrogen\)](#). Prazo até 31 de xaneiro de 2025.
- [Supervisor Europeo de Protección de Datos](#). Prazo até 28 de febreiro de 2025.

Procesos de selección en centros de investigación

- [Empregos no Centro Común de Investigación da Comisión \(Joint Research Centre, JRC\)](#). Varios prazos.
- [Empregos financiados polas accións Marie Skłodowska-Curie en diferentes campos científicos](#). Varios prazos.

- Empregos ofrecidos por Euraxess. Varios prazos.
- Axencia Executiva do Consello Europeo de Investigación (ERCEA). Prazo até 20 de xaneiro de 2025.

Financiamento

Investigación e innovación

- [StandICT.eu 2026](#). Prazo até 24 de xaneiro de 2025.
- [BioAgora](#). Prazo até 27 de xaneiro de 2025.
- [STARHAUS](#). Prazo até 27 de xaneiro de 2025.
- [Innovación Sistemas de alerta rápida](#). Prazo até 31 de xaneiro de 2025.
- [SpongeWorks](#). Prazo até 31 de xaneiro de 2025.
- [AGRARIAN](#). Prazo até 31 de xaneiro de 2025.
- [Ecosistema Monetario Local](#). Prazo até 1 de febreiro de 2025.
- [NGI Zero Commons Fund](#). Prazo até 1 de febreiro de 2025.
- [NGI Fediversity](#). Prazo até 1 de febreiro de 2025.
- [RURACTIVE](#). Prazo até 5 de febreiro de 2025.
- [Asociación Europea de Doenzas Raras](#). Prazo até 13 de febreiro de 2025.
- [Poxa Producción de Hidróxeno](#). Prazo até 20 de febreiro de 2025.
- [AGROECOLOGY](#). Prazo até 28 de febreiro de 2025.
- [Asociación Europea para a Medicina Personalizada](#). Prazo até 13 de marzo de 2025.
- [Teaming for Excellence](#). Prazo até 10 de abril de 2025.
- [Baterías vehículos eléctricos](#). Prazo até 24 de abril de 2025.
- [Tecnoloxías Cero Emisións](#). Prazo até 24 de abril de 2025.

Mercado único e concorrència

- [Cualificacións para unha transición ecolóxica](#). Prazo até 31 de xaneiro de 2025.
- [Programa de aceleración de BEFuture](#). Prazo até 5 de febreiro de 2025.
- [2.^a convocatoria EENergy](#). Prazo até 28 de febreiro de 2025.
- [Peme agroalimentarias e retallistas](#). Prazo até 20 de febreiro de 2025.

Relacións externas

- [Cooperación con México 2024](#). Prazo até 31 de xaneiro de 2025.
- [Tolerancia Cero coa Corrupción](#). Prazo até 5 de febreiro de 2025.

Educación, deporte e xuventude

- Desenvolvemento de capacidades no ámbito da educación superior. Prazo até 6 de febreiro de 2025.
- Accións Jean Monnet para a Educación e a Formación. Prazo até 12 de febreiro de 2025.
- Accións Jean Monnet 2025 Ensino Superior. Prazo até 12 de febreiro de 2025.
- Debate Político Jean Monnet 2025. Prazo até 12 de febreiro de 2025.
- Mestrados conxuntos Erasmus Mundus. Prazo até 13 de febreiro de 2025.
- Erasmus Mundus Deseño. Prazo até 13 de febreiro de 2025.
- Capacidades no ámbito da educación e formación profesionais. Prazo até 27 de febreiro de 2025.
- Erasmus+. Deportes 2025. Prazo até 5 de marzo de 2025.
- Asociacións de cooperación, educación e formación. Prazo até 5 de marzo de 2025.
- Asociacións de Cooperación no ámbito da xuventude. Prazo até 5 de marzo de 2025.
- Asociacións para a innovación educativa. Prazo até 6 de marzo de 2025.
- Desenvolvemento de capacidades no ámbito da xuventude. Prazo até 6 de marzo de 2025.
- Xuventude Europea Xuntos 2025. Prazo até 6 de marzo de 2025.
- Academias de profesores Erasmus+. Prazo até 26 de marzo de 2025.
- Intercambios Virtuais Erasmus+. Prazo até 29 de abril de 2025.
- Centros de Excelencia Profesional. Prazo até 11 de xuño de 2025.

Cidadáns

- Equipos de Voluntariado en Zonas de Alta Prioridade. Prazo até 11 de febreiro de 2025.
- Voluntariado operacións de axuda humanitaria. Prazo até 24 de abril de 2025.

Ambiente, enerxía e clima

- Melloramento e reciclaxe do ecosistema turístico. Prazo até 13 de febreiro de 2025.

Cultura

- Codesenvolvemento entre produtoras audiovisuais europeas. Prazo até 26 de febreiro de 2025.
- Festivais Europeos de Cinema. Prazo até 11 de marzo de 2025.
- Distribución de filmes europeos. Prazo até 24 de abril de 2025.
- Proxectos europeos de cooperación audiovisual. Prazo até 13 de maio de 2025.

Sociedade dixital

- Espazo Europeo de Datos para Comunidades Intelixentes. Prazo até 1 de marzo de 2025.
- Programa Mestrado Europeo de HPC. Prazo até 14 de maio de 2025.

Saúde e alimentación

- Asociación Europea de Avaliación de Riscos Alimentarios. Prazo até 20 de marzo de 2025.

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

- Dereito civil, dereito penal e dereitos fundamentais. Prazo até 26 de marzo de 2025.

PARTICIPACIÓN DOS CIDADÁNS

Iniciativas e consultas abertas recentemente.

[Máis información](#) sobre as posibilidades de participación cidadá na UE.

Consultas públicas aos cidadáns

Mercado interno

- [Directivas sobre contratación pública: Avaliación](#). Prazo até 7 de marzo de 2025.

Concorrenca

- [Axudas estatais no sector da aviación: Directrices da Comisión sobre aeroportos e compañías aéreas \(revisión\)](#). Prazo até 5 de marzo de 2025.

Saúde pública

- [Normas da UE sobre produtos sanitarios e diagnósticos in vitro: Avaliación específica](#). Prazo até 21 de marzo.

ACTOS XURÍDICOS

Selección dos actos considerados máis relevantes.

Actos legislativos

- Regulamento (UE) 2024/2747 do Parlamento Europeo e do Consello, de 9 de outubro de 2024, por que se establece un marco de medidas relativas a unha emerxencia do mercado interno e á resiliencia dese mercado. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Regulamento (UE) 2024/2748 do Parlamento Europeo e do Consello, de 9 de outubro de 2024, relativo aos procedementos de emerxencia para a avaliación da conformidade, a presunción de conformidade, a adopción de especificacións comúns e a vixilancia do mercado debidos a unha emerxencia do mercado interno. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Regulamento (UE) 2024/2822 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2024, por sobre debuxos e modelos comunitarios. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Regulamento (UE) 2024/2809 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2024, para facer que os mercados de capitais públicos da UE sexan máis atractivos para as empresas e para facilitar o acceso ao capital ás pequenas e medianas empresas. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Regulamento (UE) 2024/2803 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2024, relativo á realización do Ceo Único Europeo (versión refundida). (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Regulamento (UE) 2024/2838 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2024, relativo a determinadas obrigacións de presentación de información. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Directiva (UE) 2024/2823 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2024, sobre a protección xurídica dos debuxos e modelos (versión refundida). (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Directiva (UE) 2024/2853 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2024, sobre responsabilidade polos danos causados por produtos defectuosos e por que se derroga a Directiva 85/374/CEE do Consello. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Directiva (UE) 2024/2841 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2024, por que se establecen o Cartón Europeo de Discapacidade e Cartón Europeo de Estacionamiento para persoas con discapacidade. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Directiva (UE) 2024/2831 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2024, relativa á melloría das condicións laborais no traballo en plataformas. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Directiva (UE) 2024/2808 do Parlamento Europeo e do Consello, de 23 de outubro de 2024, relativa a determinadas obrigacións de presentación de información.

- Regulamento (UE) 2024/3015 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de novembro de 2024, por que se prohíben no mercado da UE os produtos realizados con traballo forzoso e se modifica a Directiva (UE) 2019/1937. (Texto pertinente para efectos do EEE.)
- Regulamento (UE) 2024/3118 da Comisión, de 10 de decembro de 2024, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamiento da UE ás ayudas de minimis no sector agrícola.

Outros actos

- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO, AO CONSELLO E AO BANCO CENTRAL EUROPEO Semestre Europeo 2025: Dando vida ao novo cadro de goberación económica.
- COMUNICACIÓN DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO sobre a loita contra as ameazas híbridas derivadas do uso da migración como arma e o reforzo da seguraza nas fronteiras externas da UE.
- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Relatorio Annual de 2024 sobre a aplicación dos instrumentos de acción externa da UE en 2023.
- RELATORIO DA COMISIÓN Primeiro relatorio bienal de transparencia da UE ás Nacións Unidas Convención Marco sobre a Mudanza Climática (exixido polo marco de transparencia reforzado).
- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO sobre o funcionamento do mercado europeo do carbono en 2023.
- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Relatorio de situación da acción polo clima da UE 2024.
- RELATORIO DA COMISIÓN AO PARLAMENTO EUROPEO E AO CONSELLO Relatorio sobre o funcionamento do sistema de recursos propios baseados no IVA.

SENTENZAS DO TRIBUNAL DE XUSTIZA DA UE

Selección das sentenzas, autos e ditames considerados máis relevantes.

Espazo de liberdade, seguranza e xustiza

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-664/23](#), resolveu que un estado membro non pode excluír do dereito a prestacións familiares un traballador estranxeiro porque non se acreditou que os seus fillos nados nun estado terceiro entrasen de forma regular no seu territorio. Os nacionais de estados terceiros admitidos nun estado membro co fin de traballar legalmente nel deben gozar de igualdade de tratamento cos propios nacionais.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-244/24](#) e [C-290/24](#), resolveu, sobre a protección temporal das persoas desprazadas procedentes da Ucraína, que un estado membro que amplíase esa protección a determinadas categorías de persoas, alén do exixido polo dereito da UE, pode retirarlle sen esperar a que finalice a protección temporal concedida en virtude do dereito da UE.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa aos asuntos acumulados [C-185/24](#) e [C-189/24](#), resolveu, sobre a política de asilo, que a suspensión unilateral das medidas de traslado de solicitantes de asilo por un estado membro responsable non xustifica por si soa, que se constaten deficiencias sistémicas. A existencia desas deficiencias só pode ser demostrada após unha análise concreta, baseada en datos obxectivos, fiables, precisos e debidamente actualizados.

[Resumo da sentenza.](#)

Libre circulación de persoas

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-531/23](#), resolveu, sobre a ordenación do tempo de traballo, que os empregadores domésticos deben establecer un sistema que permita computar a xornada laboral diaria de cada empregado do lar.

[Resumo da sentenza.](#)

Libre circulación de capitais

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-419/23](#), resolveu, relativamente aos dereitos de usufruto sobre terreos agrícolas en Hungría, que o dereito da UE non se opón á reinscrición deses dereitos, aínda que a súa inscrición inicial fose ilegal. Esa reinscrición non afecta de forma desproporcionada os dereitos das persoas que tiñan a núa propiedade deses terreos no momento da cancelación ilegal dos dereitos de usufruto de que se trata.

[Resumo da sentenza.](#)

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-295/23](#), resolveu que se pode prohibir a participación de investidores puramente económicos nunha sociedade de avogados. A prohibición está xustificada para garantir a independencia dos avogados.

[Resumo da sentenza.](#)

Liberdade de establecemento

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-118/23](#), precisou as normas relativas á independencia dunha autoridade estatal de resolución e aos recursos contra as decisións desta no que di respecto a entidades financeiras inviables.

[Resumo da sentenza.](#)

Ambiente e consumo

O Tribunal de Xustiza, na sentenza relativa ao asunto [C-157/23](#), resolveu, sobre a responsabilidade polos danos causados por produtos defectuosos, que un subministrador pode ter a consideración de produtor se o seu nome coincide coa marca que o fabricante puxo no produto. A fin de garantir a protección do consumidor, cabe exixir a responsabilidade solidaria do subministrador e do verdadeiro produtor do produto defectuoso, aínda que ese subministrador non puxese, el mesmo, o seu nome, a súa marca ou outro signo distintivo nese produto.

[Resumo da sentenza.](#)

PROCESOS POR INFRACCIÓN CONTRA ESPAÑA

Mercado interno

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción enviando unha carta de emprazamento a España por incumprir as normas da UE relativas ás cualificacións profesionais ([Directiva 2005/36/CE](#)). España dispón agora de dous meses para responder remediando a situación e notificando as súas medidas á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción enviando unha carta de emprazamento a España [INFR(2024)4029] por incumprir os artigos 34 a 36 do [Tratado de Funcionamento da UE](#) (TFUE) en relación cos requisitos de etiquetaxe para as instrucións de clasificación de residuos. España dispón agora de dous meses para responder remediando a situación e notificando as súas medidas á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2022)4121] por incumprir a Directiva de servizos ([Directiva 2006/123/CE](#)) na adxudicación e prórroga de concesións por parte das autoridades españolas. España dispón agora de dous meses para responder remediando a situación e notificando as súas medidas á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

A Comisión Europea decidiu levar España [INFR(2021)2171] perante o Tribunal de Xustiza da UE por non ter trasposto correctamente a Directiva sobre contratación pública ([Directiva 2014/24/UE](#)), a Directiva sobre contratación pública nos sectores dos servizos públicos ([Directiva 2014/25/UE](#)) e a Directiva relativa á adxudicación de contratos de concesión ([Directiva 2014/23/UE](#)). Pode obterse máis información a este respecto no [comunicado de prensa correspondente](#).

Servizos financeiros

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envía dunha carta de emprazamento a España [INFR(2024)4021] por non designar as autoridades competentes para garantir o cumprimento do [Regulamento \(UE\) núm. 260/2012](#) (Regulamento SAIBA) por parte das autoridades públicas. España dispón agora de dous meses para responder remediando a situación e notificando as súas medidas á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2024)2187] por non notificar á Comisión as normas sobre sancións administrativas e outras medidas aplicables ás infraccións do Regulamento relativo a un produto paneuropeo de pensións individuais [[Regulamento \(UE\) 2019/1238](#)]. España dispón agora de dous meses para responder remediando a situación e notificando as súas medidas á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

Ciberseguranza

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envía dunha carta de emprazamento a España por non ter trasposto plenamente a Directiva NIS2 ([Directiva 2022/2555](#)). España dispón agora de dous meses para responder remediando a situación e notificando as súas medidas á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Infraestruturas críticas

A Comisión Europea decidiu incoar un proceso por infracción mediante o envía dunha carta de emprazamento a España por non ter trasposto plenamente a [Directiva \(UE\) 2022/2557](#) sobre a resiliencia de entidades críticas. España dispón agora de dous meses para responder remediando a situación e notificando as súas medidas á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por emitir un ditame motivado.

Economía dixital

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2024)2165] por non ter designado ou facultado [coordinadores de servizos dixitais](#) nacionais conforme o [Regulamento de Servizos Dixitais](#). España dispón agora de dous meses para responder remediando a situación e notificando as súas medidas á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

Mobilidade e transporte

A Comisión Europea decidiu enviar un ditame motivado a España [INFR(2024)0157] por non ter trasposto a Directiva do eurodistintivo [[Directiva 1999/62/CE](#), modificada pola [Directiva \(UE\) 2022/362](#)]. España dispón agora de dous meses para responder remediando a situación e notificando as súas medidas á Comisión. Caso contrario, a Comisión poderá optar por remitir o asunto ao TXUE.

ESTADÍSTICAS DO EUROSTAT

Todas as estatísticas son en inglés.

Indicadores económicos

- Inflación anual na eurozona.
- Produción na construción.
- Superávit do comercio internacional de mercadorías na eurozona.
- Custos laborais na eurozona.
- Oferta de emprego na eurozona.
- Produción industrial.
- PIB e desemprego na eurozona.
- Produción nos sector dos servizos.
- Volume de comercio retalistas.
- Prezos da produción industrial.
- Desemprego na eurozona.
- Inflación anual na eurozona.

Outros datos

- Persoas que usan a internet.
- Estatísticas da recuperación.
- Consumo individual efectivo.
- Produtividade do traballo agrícola.
- Taxa de vacinación das persoas vellas.
- Taxa de emprego e a tonía do mercado laboral.
- Tipos de automóbiles matriculados.
- Mortes en accidentes ferroviarios.
- Fluxos do mercado de traballo.
- Transferencias persoais.
- Medidas de seguranzas informática nas empresas.
- Gasto en I+D.

- Mitigación das mudanzas climáticas e ambiente.
- Profesións máis demandadas na internet.
- País do inversor estranxeiro final.
- Volume de negocios de filiais estranxeiras fóra da UE.
- Estatísticas da cadea alimentaria.
- Empregados após a idade de xubilación.
- Pasaxeiros marítimos chegados aos portos.
- Produción mercantil total.
- Produción temporal.
- Pasaxeiros de transporte aéreo.
- Tamaño das empresas.
- Transformación dixital da UE.
- Comercio extracomunitario de brinquedos.
- Valor acrescentado na industria do automóbil.
- Investimento estranxeiro directo líquido.
- Importacións de especias.
- Mortes en accidentes marítimos.
- Produción agrícola.
- Innovación nas empresas.
- Compras en liña.
- Gasto familiar.
- Tipos de vivenda.
- High rates of formal childcare participation in the EU
- Coidados ou educación formais das crianzas.

DOCUMENTOS DO TRIBUNAL DE CONTAS DA UE

- Relatorio Especial 26/2024: Integración de nacionais de países terceiros na UE.
- Relatorio Especial 27/2024: Loita contra os réximes fiscais perniciosos e a elusión do impuesto de sociedades.
- Relatorio Especial 28/2024: Cumprimento do dereito da UE.
- Ditame 03/2024 que acompaña a avaliación da Comisión sobre a Garantía de Acción Externa.

SONDAXES DO EUROBARÓMETRO

Eurobarómetro estándar 102 - Outono de 2024

51 % das persoas consultadas tende a confiar na UE, o resultado máis alto desde 2007. Case sete de cada dez persoas (69 %) concordan que a UE ten poder e ferramentas suficientes para defender os intereses económicos da UE na economía global. Igualmente, 69 % concorda que a UE é un lugar de estabilidade nun mundo convulsionado. 74 % dos cidadáns no seu conxunto e 81 % dos da zona do euro están a favor da moeda común, o euro, o maior apoio da historia. Segundo os europeos, a seguraza e a defensa (33 %) é o principal ámbito prioritario de acción da UE a medio prazo, seguido da migración (29 %). Ao mesmo tempo, 44 % dos cidadáns pensa que garantir a paz e a estabilidade terá o maior impacto positivo na súa vida a curto prazo, seguido de asegurar o abastecemento de alimentos, saúde e industria na UE e de xestionar a migración (ambos 27 %). Canto a áreas específicas de acción da UE no sector verde, os europeos cren que a UE debería priorizar primeiro a enerxía renovable (38 %), seguida dos investimentos en agricultura sustentable (31 %), infraestrutura enerxética (28 %) e investimentos en tecnoloxía limpa (28 %).

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

Estereotipos de xénero

Esta sondaxe ofrece unha visión xeral das percepcións dos estereotipos de xénero en diversos contextos: o lar e o traballo, a política e os postos de liderado, e as percepcións dun tratamento diferente segundo o xénero en situacións cotiás. As persoas que viven na UE en xeral apoian a igualdade de xénero como algo beneficioso para todos. Con todo, certos estereotipos de xénero persisten en diferentes áreas, e detéctanse diferenzas entre os estados membros e os grupos de idade.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

A zona euro

71 % das persoas consultadas residentes na zona euro pensa que ter o euro é bo para o seu país, en canto 79 % pensa que ter o euro é bo para a UE. 68 % das persoas que viven na zona euro pensa que foi bo proporcionar un plano de recuperación de 650.000 millóns de euros para apoiar todos os estados membros, mediante subvencións e empréstitos, se os estados realizan investimentos e reformas ecolóxicas, dixitais e sociais. 61 % das persoas que moran na zona euro está a favor de abolir as moedas de 1 e 2 céntimos de euro na zona euro e aplicar o redondeo obrigatorio á alza e á baixa do importe final da compra.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

O impacto das drogas nas comunidades locais

Esta sondaxe avalía o impacto do consumo e o tráfico de drogas nas comunidades de toda a UE. Céntrase especialmente na gravidade que se percibe a nivel local do consumo de drogas ilegais e do tráfico de drogas, a frecuencia de problemas relacionados e as posibles medidas regulatorias. Aproximadamente 40 % das persoas consultadas considera que o consumo de drogas ilegais é un problema grave, en canto 41 % considera que o tráfico de drogas é unha preocupación importante.

[Páxina web da sondaxe](#) (en inglés).

SUXESTIÓNS BIBLIOGRÁFICAS

Obras dispoñibles na biblioteca da USC

Oanta, Gabriela Alexandra, ed. 2023. *Los derechos humanos en el mar: Ante los desafíos de la transición ecológica y digital*. Barcelona: J.M. BOSCH.

Os mares e océanos constitúen un dos escenarios en que a UE pretende alcanzar, en 2050, o obxectivo de neutralidade climática. Neste camiño, a UE encara unha infinidade de desafíos derivados da transición ecolóxica e da transición dixital en que está inmersa a sociedade europea, sempre coa atención posta nas persoas. Esta obra faise eco destas novas realidades, presentando, cunha orientación eminentemente xurídica, un conxunto de estudos que abordan aspectos singulares referidos ás transicións ecolóxica e dixital nos mares e océanos, que mostran os avances, os desafíos e as dificultades que iso comporta para a UE, desde a perspectiva tanto do Dereito (internacional e da UE) do mar como das normas que regulan a protección dos dereitos humanos en relación con estas situacións.

Maneiro Vázquez, Yolanda. 2023. *El papel de los sindicatos como garantes de los derechos reconocidos en las nuevas directivas: Especial atención a la defensa de los intereses difusos*. Madrid: Cinca.

Esta obra aborda o papel dos axentes sociais na protección do dereito da UE. Faise nun duplo nivel, o internacional e o interno. No primeiro deles, tense en conta a función creadora a través do diálogo social, insistindo no posible papel dos sindicatos e as asociacións empresariais nas actuacións perante o Tribunal de Xustiza. Nese ámbito, préstase especial atención á cuestión prexudicial, nomeadamente ao papel dos sindicatos españois nalgunhas das cuestións procedentes deste país, comparando esta actividade coa que se orixina noutros estados membros. A obra inclúe unha análise das directivas máis recentes, da dedicada ás condicións de traballo previsibles e transparentes até a máis recente sobre transparencia retributiva. A análise inclúe as medidas de transposición xa incorporadas ao ordenamento español e consideracións sobre o que pode suceder en futuras transposicións. No plano interno, salientase a tutela procesual do punto de vista do ordenamento español. Así, explóranse os mecanismos próximos e concretos xa coñecidos polos axentes sociais, que pola súa vez poden desembocar na formulación de novas cuestións prexudiciais. O libro féchase cunha breve mención a outros mecanismos internacionais alleos á UE, entre eles o Comité de Liberdade Sindical da OIT, o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos e o Comité Europeo de Dereitos Sociais.

Vandezande, Niels. 2023. *Crypto-Assets: The European Legal Framework*. Cambridge: Larcier.

As moedas virtuais ou criptoactivos pasaron de ser un fenómeno marxinal a se tornaren un mercado global. Este libro céntrase no marco xurídico financeiro e económico relativo aos criptoactivos na UE. Establece unha tipoloxía de criptoactivos e avalía se poden ser considerados como diñeiro. Analiza se os marcos xurídicos existentes da UE sobre diñeiro electrónico, servizos de pagamento, loita contra o branqueamento de capitais e mercados de instrumentos financeiros poden ser aplicados aos criptoactivos. Faise unha comparación funcional cos EUA, onde se identificou unha maior iniciativa regulatoria. O Regulamento sobre os Mercados de Criptoactivos (MiCAR) será o núcleo da regulación dos criptoactivos na UE durante os próximos anos e, por tanto, unha comprensión profunda deste marco é chave para todos os profesionais neste campo.

Outras obras

Kellerbauer, Manuel, Marcus Klamert, e Jonathan Tomkin, eds. 2024. *The EU Treaties and the Charter of Fundamental Rights: A Commentary*. 2.^a ed. Oxford: Oxford University Press. <https://doi.org/10.1093/law/9780198913689.001.0001>.

Este comentario é un resumo artigo por artigo do TUE, o TFUE e a Carta dos Dereitos Fundamentais. Ofrece unha referencia rápida ás disposicións dos tratados e a como se interpretan e aplican na práctica. Redactado por un equipo de colaboradores procedentes do Servizo Xurídico da Comisión Europea e do mundo académico, o comentario ofrece orientación especializada aos profesionais e especialistas académicos que procuran un acceso rápido aos tratados e á práctica actual. O comentario segue unha estrutura fixa: unha breve descrición xeral do artigo, o texto do artigo en si, unha lista de referencias chave que inclúe a xurisprudencia e a lexislación esenciais, e un comentario estruturado sobre o artigo en si.

Pszczółkowska, Dominika. 2024. *How Migrants Choose Their Destinations: Factors Influencing Post-EU Accession Choices and Decisions to Remain*. Londres: Routledge. <https://doi.org/10.4324/9781003382720>. (Libro en acceso aberto.)

Este libro revela como se toman as decisións sobre o lugar a que se emigra, que factores se teñen en conta, como mudan co tempo e por que algúns destinos son máis atractivos para determinadas categorías de persoas. Baseándose en datos existentes e novos, o libro explica as escollas de destino dos migrantes polacos nos catro estados de destino preferidos: o Reino Unido, Irlanda, Alemaña e os Países Baixos. Baseándose nun sofisticado marco teórico que permite a incorporación de factores resultantes de varios campos (economía, políticas públicas, demografía) e teorías migratorias, esta obra pinta un panorama matizado e equilibrado da migración na UE.

Martínez Cabezudo, Fernando. 2023. *Comentario crítico de la legislación europea relativa al internet de las cosas*. A Coruña: Colex.

O motivo desta monografía é a análise do Regulamento (UE) 2022/2065 do Parlamento Europeo e do Consello de 19 de outubro de 2022 relativo a un mercado único de servizos dixitais e polo cal se modifica a Directiva 2000/31/CE (Regulamento de Servizos Dixitais). Desde un primeiro momento advírtese da importancia desta materia para o funcionamento das institucións comunitarias. A maioría dos cidadáns da UE utiliza agora este tipo de servizos a diario. A transformación dixital e o crecente uso deses servizos tamén comporta novos riscos e desafíos para os destinatarios individuais dos correspondentes servizos, as empresas e a sociedade no seu conxunto. Dúas interesantes cuestións emerxen dese o primeiro momento, a consciencia da ubicuidade dos dispositivos con acceso á rede e a increíble penetración social que estes tiveron. Esta situación mudou de maneira substancial a sociabilidade a todos os niveis, da relación do cidadán coa administración até a concepción mesma de intimidade e exposición pública. As empresas e axentes que fican no centro de todos estes novos servizos tornáronse algo máis que empresas emerxentes, e cómpre sermos consciente do papel fundamental que fan na vida diaria.